



Programación 2008 : obxectivos e liñas de intervención

As actividades incluídas na programación do ano 2008 teñen como obxectivo fundamental profundar en varias das fronteas de investigación e liñas de intervención abertas durante a andaina da Fundación Eugenio Granell:

I - A investigación e difusión da cultura surrealista a nivel nacional e internacional, e a investigación específica arredor da figura de Eugenio Granell.

O programa expositivo do presente ano conta con exposicións temporais de produción propia, así como con exposicións realizadas a partir dos fondos da Fundación, que inciden neste obxectivo.

PRINCIPAIS EXPOSICIÓNS DE PRODUCCIÓN PROPIA :

- A-** Exposición individual, recollida dentro do ciclo de artistas galegos vinculados ó surrealismo dalgún xeito, do artista **Xurxo Oro Claro**, que terá o seu inicio a finais de Marzo e rematará a finais de Maio, baixo o título **Maldita Europa**.

- B-** Exposición **Eugenio Granell: o Paxaro Pí e a lingua dos paxaros**, comisariada por Eugenio Castro. Trátase dunha mostra monográfica, onde o tema principal é a figura do paxaro na obra de Granell, unha simboloxía constante ó longo de toda a súa traxectoria como creador. Celebrarase entre o 14 de maio e o 14 de Setembro no 2º andar, concretamente nas salas 2, 3 e 4.

- C-** Exposición **Follas ventureiras** , mostra individual do artista compostelá Xosé María Seixas. Inaugurarase a primeiros de Xuño ,e permanecerá aberta ata primeiros de xullo. Fai parte do ciclo de mostras -tanto individuais como colectivas- dedicadas ó surrealismo na actualidade a nivel internacional, que se ven celebrando na Fundación dende o ano 2005.
- D-** Exposición individual da parella de históricos artistas surrealistas **Ludwig Zéller e Susana Wald**. Celebrarase entre mediados de Xullo e mediados de setembro.
- E-** **A máis do programa expositivo principal** , afondarase no coñecemento da figura de Eugenio Granell con dúas novas publicacións , dous volumenes formados por escollas de artigos políticos e correspondencia de Eugenio Granell. Tamén reeditaremos no ano 2008 o catálogo da exposición *Amparo Segarra c. colaxes* editado por primeira vez o ano 2.000.

II - O compromiso cos novos valores da arte

ESPAZOS EXPOSITIVOS CON PROGRAMACIÓN PROPIA :

- A-** Continuamos co ciclo de exposicións: **Xoves Poéticas Surrealistas**, que contará con **dúas exposicións individuais**, a primeira da artista dos EEUU **Lili(Ana)** a desenvolver no mes de Febreiro ,e a segunda do artista chileno **Aldo Alcota** a desenvolver no mes de maio.
- B-** Continuamos co ciclo de exposicións, que acolle proxectos de intervención específica no recibidor do pazo de Bendaña.: **O ESPAZO INSITU**
Contaremos cos proxectos das artistas :
Liali(Ana) dos EEUU , a desenvolver entre os meses de Febreiro e maio
e da artista asturiana **Monica Cabo**, a desenvolver entre os meses de maio e agosto.

Como novidade, a artista estadounidense Lili(Ana) creará un proxecto de intervención que amalgama física e conceptualmente os espazos *INSITU* e *Xóvenes Poéticas Surrealistas*.

A Fundación Granell dende a súa creación no ano 1995, seguindo a encomenda do seu artista titular, sempre deu acollida a todo tipo de propostas presentadas por xoves artistas, na certeza de que esta apertura sempre foi e será enriquecedora para a institución. Ademais dende a Fundación Granell crese firmemente na obrigatoriedade ,que como institución pública ten, de ofrecer ós/as xoves artistas un espazo digno para a exhibición da súa obra plástica, ou a presentación de outras propostas en formato literario ou dramático.

Exemplos senlleiros desta apertura no noso espazo ós novos valores da arte, serían as exposicións individuais de artistas como Xesús Carballido no ano 1996, Pedro Muíño no ano 2001, ou Yolanda Tabanera no 2002. A máis da cesión do espazo da Fundación Granell para as actividades do grupo de arte inter -disciplinar *Espacio*, colectivo de xoves artistas do ámbito galego, nacional e internacional, que xeraron unha grande actividade arredor da performance e a poesía entre os anos 2000 e 2001.

Continuando nesa liña, no ano 2003 crease un espazo estable para dar acollida a propostas plásticas de xoves artistas co formato de exposición colectiva temática : **Espazo para novos valores**. Trátase dun espazo expositivo creado coa pretensión de promover as producións dos novos valores da arte galega, española, e internacional, comisariado por Monse Cea e Eduardo Valiña, que viña realizando unha exposición anual.

Nestas exposicións colectivas a idade cronolóxica do artista non o converte directamente nun novo valor, neste espazo expuxeron persoas que malia a ter unha traxectoria salientable pola súa calidade, independentemente da súa extensión, non acadaron aínda o recoñecemento que se merecen, ou téndoo acadado no pasado, son esquecidos pola *institución arte*.

En canto ós contidos conceptuais do ciclo de exposicións, vanse debullando ó redor de preocupacións tanto éticas coma estéticas, do mundo e da arte actuais. Ata este momento, téñense realizado tres mostras colectivas *Libro de artista no ano 2003-04*, *Adosados no 2004-05* e *Emporios Invisibles no 2005- 2006*.

Para completar a presenza da arte feita por xente nova na Fundación Granell, no ano 2006 créanse os ciclos Xoves Poéticas Surrealistas e ESPAZO INSITU.

No caso de Xoves Poéticas Surrealistas, trátase dun lugar específico para o apoio de aqueles novos valores que utilicen no seu traballo, de xeito significativo, técnicas e procedementos que podan supoñer unha re- interpretación da estética surrealista.

Este espazo inaugurase no ano 2006 coa exposición do artista galego Miguel Calvo Ulloa titulada *Leningrad*, no mes de Xuño do ano 2006.

A segunda entrega deste ciclo correu a cargo da artista franco -estadounidense María Chenut, coa exposición *Primavera en Outono*, que tivo lugar entre os meses de Outubro e Novembro do mesmo ano. No ano 2006 a programación acolle tres mostras individuais : *Buscando al Negrito Cimarrón*, realizada en marzo polo artista cubano David planas. No mes de Xuño contamos coa mostra *Aviary*, do artista inglés Wedswood Stevton. En canto a **ESPAZO INSITU**, é un espazo reservado para admitir proxectos de intervención específica para un espazo dado, o recibidor do Pazo de Bendaña. A duración destas mostras adoita ser de tres meses e medio.

A primeira entrega deste ciclo correspondeu á obra *De tripas corazón*, do artista galego Mauro Trastoy, no ano 2006.

Insitu conta no ano 2007 con tres intervencións a cargo dos artistas galegos Iván Prieto, Pablo Orza e Santi Jimenez.

III- Reafirmar o papel do servizo *Didáctica no Museo*.

Seguindo no camiño iniciado nos anos 2006 e 2007, continuamos realizando actividades como:

A- Visitas guiadas adaptadas ás características específicas de cada visitante individual ou grupos de visitantes

B- Visitas -taller

C- Talleres estables de creatividade para nenos /as

D- *Certame de arte escolar Eugenio Granell*

E- Talleres para adultos impartidos por artistas plásticos

F- Continuamos ofrecendo o servizo, no espazo asignado a Didáctica no Museo, do **Recuncho de lectura para nenos/as**.

G - Maratón de lectura infantil

H- **Como novidade**, entre outras cousas, este ano publicaranse unidades didácticas de creación propia e realizarase todo un ciclo de charlas para dar a coñecer a Granell e ó surrealismo en asociacións de Barrio compostelás e centros formativos de primaria e secundaria IV- Continuar coa nosa labor de apoio e promoción da literatura.

Entendendo que o noso compromiso coa arte non se circunscribe só ás artes plásticas, como tampouco seguen esta máxima o Surrealismo, nin o propio Eugenio Granell.

As actividades principais a desenvolver este ano son:

A- Continuaremos o **programa de actividades dedicado** ó insigne escritor galego **Ramón María del Valle Inclán**, que comezou na Fundación no ano 2007 en colaboración co Museo Valle- inclán da Pobra do Caramiñal

B- Maratón anual de lectura.

V- A Fundación Granell pretende seguir coa súa vocación de espazo aberto á cidade na que se ubica, Santiago de Compostela, dando acollida, como ó longo de toda a súa traxectoria, a iniciativas culturais dos máis diversos colectivos sociais.

B- Continuamos coa nosa labor de colaboración coas diferentes concellarías do Concello de Santiago de Compostela .

C - Seguiremos na mesma liña de apoio a iniciativas culturais organizadas por outras institucións, colectivos de diversa índole, ou proposta culturais de interese presentadas a título individual. A máis de seguir apoiando iniciativas de talante solidario.